

## MEMORIA DE REAXUSTE ORZAMENTARIO

Referencia nº: CT215E 2024

A Agadic ten un crédito asignado ao financiamento da subvención para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, código de procedemento CT215E, de 200.000 euros, suma que irá a cargo das seguintes aplicacións orzamentarias do código de proxecto 2015-00003: un total de 150.000 € na aplicación 10.A1.432B.781.0 e 50.000 € na aplicación 10.A1.432B.770.0 , coa seguinte distribución, ao ser unha convocatoria de carácter plurianual:

| Proxecto 2015-00003         | 2024         | 2025         | Total         |
|-----------------------------|--------------|--------------|---------------|
| Aplicación 10.A1.432B.781.0 | 75.000 euros | 75.000 euros | 150.000 euros |
| Aplicación 10.A1.432B.770.0 | 25.000 euros | 25.000 euros | 50.000 euros  |

Despois da tramitación administrativa, realízase unha proposta de adxudicación das axudas a laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais por importe de 173.397,64 € .

As entidades propostas para ser subvencionadas encádranse na categoría de “Familias e institucións sen fins de lucro” polo que a aplicación orzamentaria precisa para atender á axuda é a 10.A1.432B.781.0, cuxo importe establecido na convocatoria é inferior ao necesario para afrontar a proposta de adxudicación.

Segundo o artigo 3.5 “A alteración da distribución do orzamento establecido nesta convocatoria non precisará dunha nova convocatoria, pero si das modificación que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria”.

Polo tanto, ao abeiro deste artigo e para poder financiar a adxudicación das axudas, compre facer un traspaso de crédito entre aplicacións do xeito que se indica:

### APLICACIÓN ORZAMENTARIA A MINORAR:

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / industriascultrais.xunta.gal



| Proxecto 2015-00003 | 2024        | 2025        | Total       |
|---------------------|-------------|-------------|-------------|
| 10.A1.432B.770.0    | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 24.000,00 € |

**APLICACIÓN ORZAMENTARIA A AMPLIAR:**

| Proxecto 2015-00003 | 2024        | 2025        | Total       |
|---------------------|-------------|-------------|-------------|
| 10.A1.432B.781.0    | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 24.000,00 € |

Consonte coas atribucións conferidas polo artigo 21 do Estatuto da Agadic, aprobado mediante Decreto 150/2012, do 12 de xullo e demais normativa de aplicación, procédese á realización da modificación anteriormente indicada .

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jacobo Sutil Nesta

Director

